

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 18 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52981 (10/POC-008244)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen
Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019
- 1.2 53876 (10/POC-008486)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns polas que o Goberno galego non implementou o acordo parlamentario relativo ao financiamento do transporte e recollida dos plásticos de uso agrícola, a xestión destes residuos mentres non se apoiou esta actividade, así como as medidas que se deben adoptar respecto disto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 54086 (10/POC-008535)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a contaminación dos acuíferos da Limia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.4 55115 (10/POC-008685)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á declaración do xabaril como unha praga en Galicia, así como as medidas levadas a cabo, no marco das reflectidas na estratexia nacional ao respecto aprobadas en febreiro de 2019, para o censo e xestión da especie
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.5 55502 (10/POC-008753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre o prazo medio de mobilización da terra rústica en Galicia, as ferramentas que está a utilizar a Xunta de Galicia para favorecela e a valoración que fai respecto do desenvolvemento dos procesos de mobilidade de terras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

- 1.6 55504 (10/POC-008754)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a evolución que presenta a incorporación de persoas mozas á actividade agrogandeira en Galicia, así como o orzamento destinado polo Goberno galego nos últimos anos para o seu apoio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 1.7 55714 (10/POC-008782)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as razóns da demora no desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada, as medidas que vai adoptar e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación co seu inicio no núcleo 3
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 1.8 55999 (10/POC-008811)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación das mulleres no medio rural, e as actuacións e medidas previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019



PARLAMENTO
DE GALICIA

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Marcos Cal Ogando	GCE
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52981(10/POC-008244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)

Publicación da iniciativa, 518, 06.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 11:09:02
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 29/07/2019 11:09:02.450

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), considerada como a peor praga que afecta aos castiñeiros. Desde que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando nos últimos anos a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

A Consellería empezou o combate desta nova praga en 2016 coa solta de *Torymus*, procedentes de Italia, pero dun xeito experimental, e logo durante os anos 2017 e 2018, pero sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores e que de non combatela eficazmente ameaza con aniquilar soutos e provocar o colapso da produción de castaña.

No mes de abril de 2019 comezaba a solta de *Torymus* e fai uns días que coñecemos que a Xunta de Galicia remataba as soltas, cunha cantidade do dobre de individuos que no ano anterior, para combater a avespiña do castiñeiro.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medios está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña?

2ª) Cal está a ser a situación de incidencia da praga da avespiña nos castiñeiros e nos soutos galegos en 2019?

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/07/2019 10:51:50

CSM-REXISTRO57aT'Yva16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 11:09:02
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 29/07/2019 11:09:02.450

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/07/2019 10:52:08

CSV: REXISTRON67zTYvs16
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 53876(10/POC-008486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non implementou o acordo parlamentario relativo ao financiamento do transporte e recollida dos plásticos de uso agrícola, a xestión destes residuos mentres non se apoiou esta actividade, así como as medidas que se deben adoptar respecto disto

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:42
Nº Rexistro: 53876
Data envío: 14/08/2019 10:44:42.967

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O uso do plástico en forma de bolsas, recubrimentos de bolos, lonas de illamento do silos de herba ou millo e un longo etc. fai que se xeneren grande cantidade de residuos deste material que ata non hai moitos anos “adornaban” espazos de monte, ríos e regatos do noso rural.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que plantexaban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuíto de recollida e acopio para facilitar o traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A magnitude do problema, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras máis a presión dos concellos fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establececese un programa gratuíto de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

A magnitude do gasto era irrisoria, 24.200 euros.

CSM-REXISTROINFORMACION
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:42
Nº Registro: 53876
Data envío: 14/08/2019 10:44:42.967

Contra agosto do ano pasado a Xunta de Galicia deixou de financiar a recollida dificultando a xestión deste residuo trasladando o problema integramente a gandeiros e concellos e ós montes, ríos e regatos deste país.

En novembro do pasado ano presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Porque o problema reside en que con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, e agora volvemos velos nos contenedores, cunetas das estradas, montes...

Porque o problema é serio e a suspensión do programa trae consigo:

- Un aumento nos custes de produción das explotacións gandeiras que xa están demasiado axustados.
- Aumento da presenza deste residuo en cauces de ríos e regatos, montes etc. cun dano medioambiental considerable.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cales son as razóns polas que o goberno galego ninguneou o acordo parlamentario de novembro do 2018?
- É consciente o goberno galego do problema medioambiental que pode xerar?

CSX REGISTRO DE DOCUMENTOS
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:42
Nº Rexistro: 53876
Data envío: 14/08/2019 10:44:42.967

- Como controlou a recollida dos plásticos de orixe agrícola neste tempo en que non se axudou á mesma e cantas Tm. se recolleron e cal foi o destino das que non se recolleron?
- Ten previsto tomar algunha medida a respecto destes residuos?

Santiago de Compostela, 14 de agosto do 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2019 10:41:32

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2019 10:41:47

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2019 10:41:54

CSX4 REXISTRO NÚMERO 53876
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:42
Nº Registro: 53876
Data envío: 14/08/2019 10:44:42.967

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2019 10:42:01

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2019 10:42:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2019 10:42:21

CSX4 REGISTRO NÚMERO 53876
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 54086(10/POC-008535)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a contaminación dos acuíferos da Limia

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

As aproximadamente 400 macro granxas da Limia están a provocar un importante prexuízo medioambiental á súa contorna. Os 75.000 UGMs (unidade gandeira maior) que producen, así como a costume de deitar os xurros nos montes e nas leiras, levan tempo contaminando tamén ás comarcas próximas de Monterrei, Celanova e Baixa Limia. Malia que o Goberno galego é perfectamente consciente do que acontece, ata o de agora non fixo nada para atallar o problema.

Así, a contaminación empeora de maneira significativa cada ano. Dende 2016, a concentración de nitratos nas masas de auga subterráneas da chaira limiá aumentou case un 40%, superando en moitas ocasión o limiar máximo fixado pola Unión Europea, que se sitúa nos 50 miligramos de nitratos por litro.

Que isto aconteza non é froito da casualidade ou da mala sorte, senón dunha política empresarial amparada pola Xunta de Galicia que antepón os beneficios privados ao ben común. A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) leva dez anos denunciándoo ante a Consellería de Medio Ambiente, á que lle remitiu máis de trinta escritos. Tamén se puxo en contacto coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, sen éxito.

Como consecuencia da apatía do Goberno galego, no pasado mes de xullo o Ministerio para a Transición Ecolóxica incorporou ao Encoro das Conchas e a catro puntos subterráneos de Xinzo de Limia, Trasmiras e Sandiás no listado de “augas continentais afectadas pola contaminación, ou en risco de estalo, pola achega de nitratos de orixe agraria”. Desta maneira, o Ministerio pretende que a





Xunta rectifique o seu desleixo e aplique un plan que permita reducir o uso de nitratos ao mesmo tempo que mellora a xestión dos residuos.

Afortunadamente, aínda é posible mudar o rumbo e apostar por unha gandería sostible de alto valor engadido e con prezos xustos, como sinala a plataforma veciñal Auga limpa xa! Para logralo, é preciso unha moratoria que afecte á instalación de novas explotacións gandeiras intensivas e que se vixíe a correcta xestión dos residuos gandeiros.

Tal e como sinalou a SGHN, os veciños e veciñas teñen “dereito a unha Limia limpa e ao acceso á auga potable” e o Goberno galego ten a obriga de velar pola súa satisfacción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que avaliación fai a Xunta de Galicia do informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica que inclúe ao Encoro das Conchas e a catro puntos subterráneos de Xinzo de Limia, Trasmiras e Sandiás no listado de augas continentais afectadas pola contaminación, ou en risco de estalo, pola chegada de nitratos de orixe agraria?

2.ª) Que efecto contaminante pensa que teñen as macro granxas da Limia?

3.ª) Que vai facer para evitalo?

4.ª) Que fixo ata o de agora?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 12:38:42
Nº Rexistro: 54086
Data envío: 23/08/2019 12:38:42.353



5.^a) Que medidas pensa adoptar para garantir a xestión responsable dos residuos gandeiros que producen as granxas?

6.^a) Pensa defender unha moratoria que afecta ás granxas gandeiras intensivas?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/08/2019 12:19:57

Marcos Cal Ogando na data 23/08/2019 12:20:10



CSV REXISTRO SUBSCRIBIDOS

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 55115(10/POC-008685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á declaración do xabaril como unha praga en Galicia, así como as medidas levadas a cabo, no marco das reflectidas na estratexia nacional ao respecto aprobadas en febreiro de 2019, para o censo e xestión da especie

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 10:57:34
Nº Rexistro: 55115
Data envío: 05/09/2019 10:57:34.154

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Acollemos con sorpresa a iniciativa a respecto do xabaryl e a demanda ao Estado reivindicando unha actuación decidida que poña solución a esta cuestión que está a promover o PP en diferentes comarcas galegas. Así, o PP de Lalín, a través dunha moción presentada para sometela a debate e votación no Pleno Municipal do 30 de agosto, na procura de obter un apoio unánime de tódalas forzas da corporación, argumenta basicamente que a solución á situación do xabaryl pasa por demandar ao Estado que lidere as accións para poñer remedio a esta situación. Entre outras novidades, demándalle que declare praga esta especie, que elabore un censo de poboación por CCAA, que determine medidas de xestión, que estableza accións de bioseguridade (entre elas levantar unha valla con Francia), e que coordine ás CCAA neste asunto pois ao seu xuízo semella que non está a facer nada.

Carga o PP de Lalín contra o goberno central pola pasividade neste asunto, máis obvia valorar o papel e responsabilidade que neste eido lle corresponde á Xunta. Do mesmo modo, o 28 de agosto, o PP provincial de Lugo, anuncia semellantes argumentos co propósito de levar ao pleno da Deputación de Lugo, pedíndolle ao goberno central unha actuación fronte ao xabaryl.

CSM-REXISTROEYmNmxb
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/09/2019 10:57:34

Nº Rexistro: 55115

Data envío: 05/09/2019 10:57:34.154

Posteriormente, o 31 de agosto, en Rodeiro, o PP da provincia de Pontevedra, a través do seu presidente provincial, Alfonso Rueda, anuncia que presentarían na Deputación unha moción no mesmo sentido, “reclamar ao Goberno central que deseñe una estratexia común entre administracións para “frear” as consecuencias da proliferación do porco salvaxe nos cultivos e na seguridade vial”.

Unha das demandas principais que realizan é esixir do Estado a declaración da poboación do xabaril coma “PRAGA”, aspecto este que cabe matizar. En virtude da lexislación existente, é a Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal, a que regula o concepto de praga que afecte a cultivos e do procedemento da súa declaración e aplicabilidade.

Para a declaración oficial dunha praga as autoridades competentes deberán verificar a presenza e a importancia da “infestación”, e que no caso do xabaril, partindo que non existe unha información de partida sobre o tamaño poboacional, xa que non se dispoñen de censos, que ata agora negaron, e deberían concorrer outra serie de elementos para elevalo ao nivel de “infestación”. Máis de insistir nesta vía, e se tan claro o ten unha parte do PP de Galiza, non entendemos o motivo polo que non promoven desde o goberno da Xuntas dita declaración, pois o artigo 14, “Actuacións inmediatas e declaración de existencia dunha praga”, nos seus apartados 2) e 3) outorga a posibilidade de que as CCAA poidan declarar pragas dentro do seu territorio.

Cabe recordar que en materia de medio ambiente Galiza ten asumido competencias compartidas, correspondéndolle ao Estado a lexislación básica e á Galiza referidas ao desenvolvemento de normas adicionais, entre elas a que permite adoitar medidas propias para a xestión da fauna a través da súa lei de conservación da natureza, así coma a competencia en exclusiva da caza (EAG artigo 27.15). Xa que logo, Galiza conta coa suficiente autonomía normativa para dispoñer de medidas de actuación fronte

CSX4 REXISTROEYrmiNix6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 10:57:34
Nº Rexistro: 55115
Data envío: 05/09/2019 10:57:34.154

ao xabari, sendo ademais quen debe exercer a responsabilidade competencial inmediata neste eido no desenvolvemento das súas atribucións.

Tendo en consideración que por numerosas veces, nos últimos tempos, o BNG ten presentado neste Parlamento, tanto no Pleno coma en Comisións, iniciativas demandando un Acordo para que a Xunta adoptase tódalas medidas ao seu alcance para poñer solución definitiva ó problema suscitado pola sobrepoboación do xabari, nomeadamente a elaboración e aprobación dun Plan de Xestión da especie incluíndo un censo e un protocolo de bioseguridade, coma medidas principais e eixos sobre os que dispoñer toda a gama de accións necesarias.

Atopándonos coa resistencia do grupo parlamentario do PP e dos cargos da Xunta que compareceron na Cámara a responder a preguntas do BNG, negando calquera posibilidade de adoiar un plan de xestión e elaboración de censos, argumentado que xa a Xunta de Galiza estaba a dispoñer das medidas suficientes para afrontar esta situación.

Pois resulta sorprendente que, agora, estruturas e cargos do seu partido, tanto no ámbito provincial coma local, artellen unha estratexia en paralelo demandando do Estado, o que aquí nin asumen nunha estratexia de eludir responsabilidades, logo de negar reiteradamente o problema.

Unha vez máis mantemos a necesidade de que de inmediato a Xunta asuma as súas responsabilidades e dispoña dun Plan de Xestión da especie, incluíndo a elaboración dun censo poboacional, a súa incidencia por Comarcas, e a protocolarización de tódalas medidas que, por separado ou combinadas, faciliten manexar o tamaño da especie e reducir os danos aos cultivos. Entendemos que unha política exclusiva de batidas non é a solución, coma se constata xa tras varios anos de

CSX4 REXISTROEYrmiNix6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 10:57:34
Nº Rexistro: 55115
Data envío: 05/09/2019 10:57:34.154

incremento destes controis, e que incluso pode agravar este problema e inducir máis danos a agricultura e outros sobre a biodiversidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Recoñece a Xunta a súa incapacidade de asumir a súa responsabilidade na problemática do xabaril, apreciación que se deduce da reivindicación de axuda urgente que demandan estruturas e cargos relevantes do PP galego, no ámbito provincial e dende algúns concellos, coma o de Lalín, ao goberno do Estado?

-Ten pensado á Xunta declarar a poboación do xabaril coma unha praga dentro de Galiza conforme reivindica unha parte do PP ?

-Que medidas de censo e xestión da especie ten realizado a Xunta de Galiza, dentro das previsións contidas no documento da Estratexia Nacional de Xestión do Xabaril, aprobada en febreiro de 2019, na Conferencia Estatal?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 10:57:34
Nº Rexistro: 55115
Data envío: 05/09/2019 10:57:34.154

Ana Pontón Mondelo

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 10:49:04

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 10:49:17

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 10:49:23

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 10:49:31

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 10:49:41

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 10:49:48

CSV, REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 55502(10/POC-008753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre o prazo medio de mobilización da terra rústica en Galicia, as ferramentas que está a utilizar a Xunta de Galicia para favorecer e a valoración que fai respecto do desenvolvemento dos procesos de mobilidade de terras

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O Observatorio Galego da Mobilidade de Terras, creado no 2016 grazas a un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) -ambos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural-, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos del Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela, supuxo un gran avance xa que, por primeira vez, contouse cun instrumento fiable e rigoroso para o análise do movemento de terras na nosa Comunidade.

Así pois, o obxectivo era, que a través da emisión dos diferentes informes, poder tomar decisións futuras a partir deses datos contrastados.

Por iso, é importante que as administracións implicadas teñan información veraz de cara á toma de decisións futuras, e deste xeito coñecer como evoluciona o mercado e cara onde deben ir as políticas públicas para mobilizar terras agrarias, co fin de aumentar así a base territorial das explotacións e incentivar a actividade forestal.

Todo isto coa finalidade última de dinamizar o rural galego, potenciar os recursos económicos e fixar poboación.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o prezo medio da terra rústica en Galicia?
- 2.- Que ferramentas está empregando a Xunta para favorecer a súa mobilización?
- 3.- Cal foi o número de operacións de compravenda deste tipo de terras nos últimos anos?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 13:19:08
Nº Rexistro: 55502
Data envío: 11/09/2019 13:19:08.083

4.- Que valoración fai o goberno de Galicia sobre os procesos de mobilidade de terras?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 11/09/2019 13:10:21

Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/09/2019 13:10:40

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2019 13:10:51

Carlos Gómez Salgado na data 11/09/2019 13:11:10

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 11/09/2019 13:11:23

Daniel Vega Pérez na data 11/09/2019 13:11:34

Rosa Oubiña Solla na data 11/09/2019 13:11:49



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 55504(10/POC-008754)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a evolución que presenta a incorporación de persoas mozas á actividade agrogandeira en Galicia, así como o orzamento destinado polo Goberno galego nos últimos anos para o seu apoio

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A remuda xeracional e a incorporación da mocidade galega ao desenvolvemento de actividades económicas no rural son algunhas das principais preocupacións do noso Grupo neste eido, e tamén nos consta que da súa Consellería.

Para estimular, apoiar e impulsar as novas incorporacións, desde o Goberno Galego, a través do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020, apróbanse diferentes liñas de axuda:

- Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas (plans de mellora)
- Creación de empresas para os agricultores novos.
- Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Todas estas axudas teñen unha gran repercusión no medio rural, e non soamente para os beneficiarios, incrementando o número de mozos que se incorporan á actividade agraria, rexuvenecendo a poboación activa agraria e evitando o despoboamento do medio rural.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Como ten evolucionado a incorporación de mozos a actividade agrogandeira de Galicia?





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 13:19:34
Nº Rexistro: 55504
Data envío: 11/09/2019 13:19:34.982**

2.- Cal é orzamento que se ten adicado nos últimos anos para a para favorecer esta incorporación?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 11/09/2019 13:14:48

Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/09/2019 13:15:07

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2019 13:15:17

Carlos Gómez Salgado na data 11/09/2019 13:15:38

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 11/09/2019 13:15:54

Daniel Vega Pérez na data 11/09/2019 13:16:04

Rosa Oubiña Solla na data 11/09/2019 13:16:17



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 55714(10/POC-008782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as razóns da demora no desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada, as medidas que vai adoptar e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación co seu inicio no núcleo 3

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Carmen Rodríguez Dacosta e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

As concentracións parcelarias de 8 parroquias da zona norte do concello de Agolada en Pontevedra levan esperando desde o ano 2002, a que se rematen. A realidade é que nesta área territorial xa hai traballos feitos cun investimento de máis de 800.000 euros, como o estudo de impacto medioambiental, medición de fincas, levantamentos topográficos, etc.

Estas concentracións divídense en dous núcleos:

- Núcleo 1: que abrangue as parroquias de Agra, Sexo, Baiña e Val cunha superficie de 1469 hectáreas.
- Núcleo 2: que abrangue as parroquias de Berredo, Eidián, Basadre e Ramil cunha superficie de 2130 hectáreas.

Nestes dous núcleos faltarían as parroquias de Sexto e Brocos (núcleo 3), para as que durante o ano 2018 se recolleron sinaturas que concluíron que o 90 % dos propietarios de terras nestas dúas parroquias demandan tamén o inicio da concentración parcelaria.

Tratase de parroquias cun minifundismo extremo. Hai casos nos que 25 hectáreas chegan a repartirse en máis de 220 parcelas, o que fai moi complicado o aproveitamento de ao redor de 470 hectáreas de terreo agrícola que están inutilizadas. Esta cuestión é especialmente grave dado que estamos a falar da reorganización dunhas terras, situadas a maior parte delas na ribeira do río Ulla, que conforman un espazo moi fértil e válido para a produción de forraxes con cultivos como o millo ou os mirasoles.

Ademais sería un proxecto sinxelo, xa que das máis de 5.000 hectáreas que abarcan, hai xa preto dunhas 1.102 hectáreas localizadas en pequenos núcleos que xa están parceladas ou pertencen a montes comunais, e de especial interese estratéxico, dado que nestas parcelarias existe unha





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 16:34:22
Nº Rexistro: 55714
Data envío: 13/09/2019 16:34:22.056

destacada actividade gandeira, como a Granxa Sueiro, recoñecida polo seu labor a favor da sustentabilidade.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas da demora no proceso de concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada?

2ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación coa concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada?

3ª) Cales e cantos procedementos de concentracións parcelarias están aínda en trámites? Cando prevé a Xunta de Galicia que se van realizar?

4ª) Cando prevé a Xunta de Galicia que se realizará, definitivamente, a concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada? En caso afirmativo, cal é o cronograma de actuacións?

5ª) É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, sociais e medioambientais que supón a demora na concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada?

6ª) Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar os tramites de construción da concentración parcelaria no núcleo 3 da zona norte do concello de Agolada? En caso afirmativo, cal é o orzamento e o cronograma de actuacións?
actuaciónactuacións?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:33:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2019 16:33:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 16:34:22
Nº Registro: 55714
Data envío: 13/09/2019 16:34:22.056

María Luisa Pierres López na data 13/09/2019 16:33:37

CSV REGISTRO:Z5Fm0HJ9
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 18.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 55999(10/POC-008811)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación das mulleres no medio rural, e as actuacións e medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**.

As mulleres do rural raramente son o foco de atención, polo que os desafíos aos que se enfrontan non soen ser tidos en conta, xa que non soen ser escoitadas nin as súas opinións valoradas.

É primordial que se recoñeza non so a gran contribución das mulleres no campo, na produción agrícola, etc. senón tamén que ese recoñecemento se traduza en políticas que transformen a realidade do rural coa presenza e participación activa das mulleres.

As mulleres do medio rural enfróntanse a grandes desafíos como as dificultades de acceso aos diferentes recursos (propiedade da terra, educación...) á invisibilización do seu traballo (gran parte das actividades produtivas que realizan están ligadas ao ámbito doméstico, menos valorado socialmente que outros ámbitos), etc.

Coidar aos/ás fillos/as, coidar dos/as familiares maiores, asumir a xestión doméstica, traballar no campo, etc., son tarefas habituais que realizan maioritariamente as mulleres, carecendo en moitas ocasións de vacacións e do máis mínimo recoñecemento pola súa labor. Son moitas, pero invisibles.

A continuidade de determinados ecosistemas e formas de produción e vida no rural dependen do mantemento dunha estrutura social mínima e os seus cimentos básicos son as persoas, nomeadamente, as mulleres, que queren ter os mesmos dereitos polo mesmo traballo, que queren protagonizar as súas vidas sen





dependen de ninguén, acceder ao mercado laboral, ocupar postos de representación, formarse, informarse, etc., etc.

A modo de exemplo, a titularidade compartida é un primeiro paso para a visibilización do traballo de agricultoras e gandeiras nas explotacións familiares (titularidade que ata non fai tanto tempo era case exclusiva dos homes, alcanzando estes aproximadamente o 72%), pero a burocracia, desidia por parte das administracións e falta de información para as mulleres fixo que o seu espazo figurativo fose ínfimo.

Para fixar poboación no rural é preciso facer unha análise de cada contexto concreto, e adecuar as medidas á realidade social de cada un, inda que haxa eixos comúns:

É fundamental a procura, estímulo e impulso de novos xacementos de emprego, a atención ás aspiracións e expectativas das mulleres xoves que seguen no medio rural, a apertura á participación das mulleres en tódolos aspectos da vida local, non so en actividades agrícolas senón buscando fórmulas innovadoras, sen esquecer necesidades sociais que teñen vetas sen cubrir (ampliación de recursos de Servizos Sociais en servizos de proximidade, fomento do cooperativismo e a economía social no sector dos coidados, do fomento do turismo social, etc.).

Para que estas potenciais propostas teñan sentido pleno, é fundamental traballar e por en valor (no canto de desmantelar como se tenta facer dun tempo a esta parte) a descentralización de certos servizos, recursos e equipamentos. Un axeitado transporte público no rural e a conexión coas vilas e cidades próximas é algo esencial.

Tódalas políticas públicas teñen que abordar e buscar solucións ás especificidades do medio rural, que son moitas e diversas (despoboamento, illamento, carencia de recursos públicos de proximidade, etc.). E unha cousa é





segura: se perdemos de vista a perspectiva de xénero, as desigualdades seguirán reproducíndose. A débeda histórica da sociedade en xeral e da clase política en particular coas mulleres do rural é enorme.

Debemos promover o aumento da participación das mulleres no mercado laboral e conseguir a súa independencia económica, reducir as diferenzas retributivas entre mulleres e homes, impulsar a igualdade na toma de decisións, fomentar o equilibrio entre responsabilidades familiares e profesionais, acabar coa violencia sexista que ataca gravemente ás mulleres do medio rural, protexer e axudar ás vítimas, etc.

A loita por unha igualdade real no rural é a chave para frear o despoboamento, o éxodo e a desordeación do territorio. É tarefa de toda a sociedade e de todas as institucións garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no medio rural, porque detrás de cada explotación familiar para a que non hai relevo, detrás de cada muller que abandona o seu pobo, atopamos graves problemas: avellentamento da poboación e éxodo cara as cidades, problemáticas que afectan de xeito moi importante ao noso país.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que subscriben presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1. Como valora a Xunta de Galicia a situación das mulleres no medio rural?
2. Elaborará a Xunta un Plan integral para a promoción das mulleres do medio rural antes de que remate a lexislatura?
3. Ten previsto a Xunta instar a todas as institucións e administracións públicas a que promovan, desenvolvan e poñan en marcha todas as medidas legais posibles destinadas a proporcionar un trato xurídico igualitario ás mulleres que se dedican ao sector primario no medio rural?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 18:25:09
Nº Rexistro: 55999
Data envío: 18/09/2019 18:25:09.420

4. Propiciará a Xunta cantas accións sexan posibles de cara ao recoñecemento e visibilización das mulleres, é dicir, o seu apoderamento, ante calquera situación e en calquera ámbito?
5. Impulsará a Xunta as políticas activas e as axudas necesarias que permitan compaxinar a vida laboral no campo coa actividade familiar?
6. Ten pensado a Xunta adoptar medidas tendentes a mellorar as cotas femininas nas organizacións agrarias e gandeiras, como medio para lograr un trato equilibrado e igualitario no sector?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/09/2019 18:23:11

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2019 18:23:19

Luis Villares Naveira na data 18/09/2019 18:23:38

Francisco Casal Vidal na data 18/09/2019 18:23:50

CSX: REXISTROPRGQJ14J99
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

